

Pronome tónico

Número	Persoa	Suxeito	Formas oblicuas			
			Libres		Ligadas	
			Non reflx.	Reflex.	Non reflx.	Reflex.
Singular	1ª	eu	min		comigo	
	2ª	ti			contigo	
	3ª	el, ela		si	---	consigo
Plural	1ª	nós, nosoutros/as			connosco	
	2ª	vós, vosoutros/as			convosco	
	3ª	eles, elas		si	---	consigo

Vostede e vostedes: son as formas do pronome de suxeito tónicas de cortesía de 2ª persoa. Esixen verbo en terceira persoa (e son substituídos por pronomes átonos de 3ª persoa).

Observacións:

- As preposicións *de* e *en* contraen obrigatoriamente co pronome tónico de 3ª pers.: **del, dela, deles, delas, nel, nela, neles, nelas** (excepto se a preposición non rexe directamente o pronome: *De ela querer, non había problema ningún*).
- As formas tónicas *nós* e *vós* levan til diacrítico (equivalen a *nosoutros/as*, *vosoutros/as*) para diferencialas das formas átonas, *nos* e *vos*, que non o levan.
- Os pronomes *el* e *si* non levan til diacrítico en galego.

Pronome átono

Número	Persoa e xº		Non reflex.		Reflex.
			CI	CD	
Singular	1ª		me		
	2ª		che	te	
	3ª	masc.	lle	o, lo, no	se
		fem.		a, la, na	
Plural	1ª		nos		
	2ª		vos		
	3ª	masc.	lles	os, los, nos	se
		fem.		as, las, nas	

Uso das formas de CD de 3ª persoa:

-lo, -la, -los, -las: úsase cando o pronome vai enclítico a unha forma verbal rematado en *-r* ou *-s*, aos pronomes *nos, vos, lles*, e tras o adverbio *u-* (onde está?)

Tomar unha copa → tomala

Queres caldo? → Quérelo?

Non nos traías o regalo → non nolo traías

E os libro, ulos?

-no, -na, -nos, -nas: úsase cando o pronome vai enclítico a formas verbais rematadas en ditongo: *deina, faina, chamouno...*

Observacións:

- En 2ª persoa en galego posuímos dous pronomes átonos distintos: **che** (CI) e **te** (CD e reflexivo). É importante non confundilos. Para aclarar dúbidas, podemos transformar a oración a un pronome de 3ª persoa, xa que o oco funcional vai estar ocupado por CD ou CI, independentemente da persoa do pronome: Xa **te** levo eu no meu coche = xa a levo eu no meu coche (CD); xa **che** contei a historia = xa lle contei a historia (CI).
- Os pronomes de 3ª persoa de CI son diferentes segundo sexa un CI singular (a el/ela) ou plural (a eles/elas). É importante telo en conta para as contraccións de pronomes: lle + o, a, os, as = **llo, lla, llos, llas** pero lles + o, a, os, as = **llelo, llela, llelos, llelas**.
- As formas reflexivas non sempre funcionan como pronomes, moitas veces son marcas pronominais do verbo, sen valor propiamente de pronome (non substitúen nomes): en *eu lembreime de ti* o suxeito *eu* non se lembra a si mesmo, senón que o verbo *lembrar* é pronominal na construción con suplemento: *lembrar algo* (CD) ou *lembrarse de algo* (SUP).

EXERCICIOS

1. Localiza e clasifica os pronomes átonos e tónicos do seguinte texto.

Os médicos [explícame] son cautos. Preven unha operación longa. As operacións, en traumatoloxía, ocasionan perdas considerables de sangue e mamá xa case se desangra dunha hemorraxia na caída. Estaba soa na casa. Ana ía nunha palillada en Burela. Atopouna no medio da cociña, sen sentido, nun charco vermello arredor. Supón que limpaba o plafón porque estaba debaixo da escada de tres chanzos, cun aerosol de limpacristais, unha baeta e un rolo de celulosa. Ao caer debeuse golpear co mesado e cunhas cadeiras, que quedaran patas para arriba. O mantel escorrérase e arrastrara o froiteiro da mesa. A froita espallárase pola cociña e uns caquis enzoufáranse no sangue. Ana pon unha man no pescozo ao lembralo. Ten os dedos gordechos. Nun deles, un anel ancho, de ouro, moi traballado, que usaba mamá. Salouca, “víaselle o óso. Debeu sentir unha dor de espanto... Pregúntome que faría ela limpando o plafón... Fisicamente non dá, Óscar. O párkinson aféctalle ao lado dereito. É máis rixidez muscular que tremesía. Perdeu parte da expresión facial. Apenas pestanexa”. Apáncome sobre a mesa e bícoa na fronte. Sorrí. Enderéitase e estira as vértebras do pescozo, “non podes imaxinar o que te estrañei...” “Queres dicir que teño pouca imaxinación?” ela protesta coas bágoas basculándolle nas perfebas, “es un fato”. Antón Lopo, Extraordinario.

2. Substitúe os elementos subliñados polo pronome que corresponda.
3. Cambia o pronome das seguintes oracións por un *te* ou un *che* segundo corresponda:
 - a. *Os médicos [explícame] son cautos.*
 - b. *Atopouna no medio da cociña.*
 - c. *Víaselle o óso.*
 - d. *Pregúntome que faría ela limpando o plafón.*
 - e. *O párkinson aféctalle ao lado dereito.*
 - f. *Bícoa na fronte.*

Concorrenza das formas do CI con o/a/os/as

CI + o/a/os/as	
Me	mo, ma, mos, mas
Che	cho, cha, chos, chas
Lle	llo, lla, llos, llas (a el/ a ela)
Nos	nolo, nola, nolos, nolas
Vos	volos, vola, volos, volas
Lles	llelo, llela, llelos, llelas (a eles/ a elas)

Non *mo* traías que non *cho* quero, xa *volo* avisara: ou *llo* regalades á miña sobriña ou *llelo* dades aos da asociación, que o necesitan máis.

As formas plurais (nos, vos, lles) contraen coa forma -lo, -la, -los, -las do pronome.

Colocación do pronome átono con respecto ao verbo:

Por norma xeral, os pronomes átonos pospóñense ao verbo. Os pronomes nunca poden encabezar un enunciado e só aparecen diante do verbo nalgúns casos específicos.

Convócanse catro bolsas para terceiro ciclo

Para efectos de colocación, as formas do reflexivo que acompañan a verbos pronominais compórtanse como pronomes (aínda que sintacticamente non teñan función).

1. Casos de anteposición

1.1 Nos enunciados desiderativos sempre que haxa unha partícula antes do pronome, se non o pronome irá despois do verbo:

Oxalá nos vexamos de novo
Quen che ía dicir isto
Deus me valla
O demo me leve

pero:
Vállame Deus
Léveme o demo

1.2 Nos enunciados exclamativos o pronome antecede ao verbo sempre que haxa un pronome exclamativo ou algunha outra partícula antes del:

Como se pode ser así!
Que asustado se puxo!
Boa a fixeches!

1.3 Nos enunciados interrogativos directos o pronome antecede ao verbo cando a oración comeza por un pronome interrogativo:

Cando che pasou iso?
Que futuro che espera?
*E logo aprobáronche o exame? [e non: *E logo ~~che~~ aprobaron o exame?]*

1.4 Nos enunciados con marcas de negación o pronome antecede ao verbo:

Non se poderán pedir prórrogas nin se admiten atrasos nas entregas.
Ninguén se decatou do problema.
Nada o fixo cambiar.

1.5 Por norma xeral, nas oracións iniciadas por adverbios o pronome antecede ao verbo. **Mesmo, incluso, tamén, só, unicamente, seica, disque, quizais, seguramente, aínda, ata, xa, sempre, deseguida,**

axiña, rapidamente, moito, pouco, bastante, demasiado, menos, máis, velaquí, velaí, entre outros, provocan a anteposición do pronome:

Quizais lle renoven a matrícula

Aínda se poden presentar solicitudes ata o trinta de novembro

Xa me presentaron o novo plano de estudos

Outros adverbios antepoñeranse ou pospoñeranse ao verbo dependendo do significado que teñan no enunciado:

Así me gusta ('deste xeito preciso' / *Así gústame* ('dese xeito'))

Aquí facémolo así ('neste sitio') / *Aquí o está* ('presentador, velaquí')

Logo me visto ('axiña') / *Logo vístome* ('despois')

1.6 Por regra xeral, con **todo, pouco, demasiado, tanto...que, alguén, algo, ningún, nada, calquera, propio, ambos, etc.** o pronome antepónse ao verbo:

Todo o alumnado se concentrou en sinal de protesta

Tanto me ten se vés ou quedas

Alguén lles contou en que consistía a proba

1.7 Nas oracións coordinadas o pronome adoita seguir a regra xeral: vai despois do verbo a non ser que se dea algunha das condicións que fan que se pospoña.

Mandarásevos unha folha de inscrición e informarísevos de todas as novidades

Dixenche que estaría alí, pero sentínome mal e foime imposible acudir

Nin se fan descontos, nin se admiten devolucións

Con todo, os nexos que teñen que (**senón que, aínda que, só que, agora que**, etc.), os distributivos **xa...xa, ben...ben, quere...quere** os coordinantes **tanto...como/coma**, o mesmo **que/ca**, etc., fan que o pronome se antepoña ao verbo

Non se ofrecerán materias optativas na universidade de destino, senón que se cursarán nesta universidade

Ben o mandedes por correo postal, ben o fagades por correo electrónico, a información debe chegar antes do venres

1.8 Nas oracións subordinadas o pronome antepónse ao verbo, con *moi poucas excepcións*.

Talvez xa non haxa nada que facer, pois soubémolo demasiado tarde

Deberías lembrar que lle prometiches acompañalo

Podería ir se o soubese antes

É obrigatorio asistir porque se trata dunha materia eminentemente práctica

2. Casos de posposición

2.1. Nas oracións introducidas por **pois** o verbo non se antepón:

Queres facelo? Pois faíno!

2.2. O pronome tampouco se antepón nas oracións introducidas por **pero**

Usámolo pouco, pero foinos moi útil

3 Colocación do pronome átono nas perífrases verbais

3.1 Nas perífrases, a norma xeral é que o pronome vaia posposto ao verbo auxiliar. Irá anteposto atendendo ás regras de colocación que vimos para os demais casos.

Téñoo visto moitas veces.

Ultimamente non o teño visto.

3.2 Nas perífrases de infinitivo e xerundio o pronome pode ligarse ao verbo auxiliar ou ao auxiliado, indistintamente:

Debíao facer mellor / Debía facelo mellor

Pola mañá fóronse tratando todos os puntos / Pola mañá foron tratándose todos os puntos.

3.3 Cando a perífrase ten un nexo entre os dous verbos, o pronome tamén se pode antepoñer ao verbo auxiliado:

Tívoise que ir / Tivo que irse / Tivo que se ir

EXERCICIOS

1. Xustifica a colocación dos pronomes do seguinte texto.

Os mitos están interconectados e unha ramificación deste mito é o do amor como a paixón que nos fai sufrir. Frases como “non hai rosas sen espiñas” ou aquela que afirma “quen ben te quere hate facer chorar” axudan a interiorizar a idea de que o amor leva aparelado sufrimento. Ademais de normalizar pelexas e discusións continuas como parte do prezo que hai que pagar polo amor, normalizan algo moito máis perverso, a idea de que se te maltratan é porque te queren. Por exemplo, cando lle dicimos a unha nena para consolala despois de que un neno lle turrou do cabelo ou a empurrou: “El fai iso porque lle gustas”. Esa mensaxe reitérase na conversa das mozas para se consolaren do maltrato recibido pola parella en forma de faltas de respecto, berros, control, celos... Adoitan dicir: “El fai iso para mostrarche que te quere”, “porque está toliño por ti”. Se a relación está por comezar, pode dicirse que el o fai para chamar a túa atención, e, por exemplo, nos diálogos cinematográficos é moi recorrente. En lugar de dicir iso, deberíamos dicir que quen se comporta así é porque realmente non te quere. (Chis Oliveira e Amada Traba, ám@me)

2. Indica se algún dos pronomes do texto pode ir noutra posición ou non. No caso de que se poida, indica onde e por que admite outra colocación.
3. Na oración que empeza en “Por exemplo”, substitúe o elemento subliñado por un pronome e facendo as contraccións necesarias.
4. No caso anterior, que tería que cambiar na oración para que a contracción fose “llelo”?
5. Reescribe a oración “esa mensaxe reitérase na conversa das mozas” facendo que empece por:
 - a. Nunca
 - b. É malo que
 - c. Agora
 - d. Calquera (substituindo “esa”)
 - e. Polo tanto
6. Volve facer os exercicios números 1, 2 e 6 neste texto:

Poño na cama unhas sabas novas que me regalou mamá. Déitome. (...) Helena chámame para dicirme que o luns veñen ela e mais Mila durmir á casa. Por fin marchan a Cuba. Roi regaloulle a Helena seis mil euros do gordo de nadal. Un millón de pelas, só para ela. Para el, que hai un par de meses estivo a punto de palmala cunha sobredose, quédanlle nove millóns limpiños. (Anxos Sumai: Melodía de días usados)

Valores do se

SE CONXUNCIÓN (NEXO)

- .1. **Conxunción condicional**, conxunción que introduce unha oración subordinada condicional. *Se que-
res falar, falamos.*
- .2. **Conxunción completiva**, conxunción que introduce unha oración subordinada substantiva de CD. *Preguntoume se a xefa saíra*

SE PRONOME PERSOAL ÁTONO

- .3. **Pronome reflexivo (CD)**. A acción recae sobre o mesmo suxeito que a realiza. O pronome realiza a función de CD e é a mesma persoa có suxeito:
Viuse no espello (ela viu a si mesma)
Preparouse para marchar (comparar con: preparou o neno para marchar > preparouno)

Posto que o pronome reflexivo é o CD, non son posibles construcións que teñen un CD expreso:
**laveime os dentes, *sequeime a cara.*

- .4. **Pronome recíproco (CD e CI)**. Dous ou máis individuos son suxeito e obxecto asemade da mesma acción. O verbo está sempre en plural e indica “o un ao outro”.
Coméronse a bicos (o un ao outro); os delinquentes matáronse con fogo cruzado.
CD: Antonio e Brais abrazáronse (Antonio abrazouno [a Brais] e Brais abrazouno [a Antonio]); insultáronse mutuamente.
CI: Nai e filla regaláronse o mesmo bolso (o CD é “o mesmo bolso” e o CI é a quen regalan: a filla regaloulle á nai e a nai regaloulle á filla)

SE CON VERBOS PRONOMINAIS

- .5. **Se pronominal**: son verbos pronominais, propiamente ditos, aqueles que sempre esixen a presenza do se e non existen sen el: *queixarse, atreverse, asustarse, axeonllarse, inmutarse, suicidarse...* Neste caso, a forma SE non ten unha función sintáctica.
Esqueceuse de almorzar; asustouse cando abriron a porta; nunca pensou en suicidarse.
Alguns verbos que en castelán levan a forma pronominal, en galego non o levan: caer, espertar, marchar, morrer, adormecer, calar, casar, parar, recordar, romper, escapar, comer... Son, daquela, incorrectas expresións do tipo: **acabei de comer e adormecinme; *Deuse a volta e marchouse*. Así mesmo, existen verbos que moi raramente se poden usar en galego como pronominais: durmir, enfermarse, murchar, sentar, sorrir... Noutros casos hai diferenza de significado segundo se empregue unha forma ou outra: sentir/sentirse, rir/rirse, afogar/afogarse, parecer/parecerse, comportar/comportarse, dar/darse, despedir/despedirse, fixar/fixarse, laiar/laiarse, parecer/parecerse, confesar/confesarse, quedar/quedarse, volver/volverse...¹

En calquera caso, este uso pronominal é en galego moito máis reducido ca en castelán

SE compoñente oracional, “MORFEMA ESTENSO”, MARCA QUE INDICA QUE A ORACIÓN É PASIVA REFLEXA OU IMPERSONAL REFLEXA

Non é pronome, nin desempeña ningunha función. Dáse exclusivamente na 3ª persoa e non alterna con outros pronomes persoais me – te – nos – vos. Pode ser:

- .6. **SE impersonal (activa impersonal ou impersonal reflexa)** Construción sen suxeito co verbo inmovilizado en 3ª persoa de singular. Se + verbo activo en 3ª persoa. A forma se é unha marca de impersonalidade que impide a presenza do suxeito gramatical e do axente da acción verbal.

¹ Afogar: morrer por submersión involuntaria na auga / Afogarse: Matarse somerxéndose na auga. Sentir: percibir polos sentidos / Sentirse: considerarse de certa maneira segundo o estado de ánimo. Rir: manifestar alegría / Rirse: burlarse de algo ou de alguén. Dar: entregar / Darse: afacerse; nacer da terra. Etc.

Na casa falábase sempre de política. Vívase ben aquí. Sófrese moito por un fillo. Non se sabe nada do tema.

Pode confundirse co se de pasiva reflexa cando a fin está en singular: *alégase apartamento*.

- .7. SE pasiva reflexa:** construción pasiva con pronome SE + verbo en voz activa (3ª pers. sing. ou plural) que concerta co suxeito paciente. Se + verbo activo en 3ª persoa + suxeito paciente (cousa). **Se** non ten función nominal: só é unha marca ou morfema de pasividade. O suxeito gramatical normalmente aparece posposto e, debe concordar en número e persoa, co verbo.

Véndese casa / Véndense casas.

É unha oración con significado pasivo e forma activa. Esta construción pode transformarse en pasiva perifrástica con ser:

Aquel día escribiuse unha páxina da historia → Unha páxina da historia foi escrita aquel día .

Asinouse o tratado → O tratado foi asinado.

A pasiva reflexa só se pode construír con verbos transitivos, pero nunca ten CD nin complemento axente, senón suxeito paciente. Nunca se constrúe con verbos pronominais.

EXERCICIOS

1. Indica o valor que teñen os “se” que aparecen no texto da páxina anterior (o que empeza: “Os mitos están interconectados”).
2. Converte a seguinte estrutura activa : “(esas frases) normalizan algo moito máis perverso” en:
 - a. Pasiva:
 - b. Pasiva reflexa: